



Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DFA	Documento 1051AIOCUR	
Código de verificación  6917 220G 6O6A 1D22 0BK0	Expediente 105/2026/2338	
	Fecha 09-04-2026	

ASUNTO: INFORME SOBRE A CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DE REDACTAR E APROBAR UNHA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA NO CONCELLO DA CORUÑA E INICIO DA TRAMITACIÓN DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE A DEVANDITA NORMA INFORME-PROPOSTA

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Benestar Social, Participación e Igualdade, prevé impulsar unha nova Ordenanza municipal reguladora do servizo de teleasistencia domiciliaria, co obxecto de substituír e actualizar de maneira integral a normativa municipal vixente ata o momento nesta materia.

O Pleno da Corporación municipal aprobou definitivamente, en sesión celebrada o 14 de decembro de 1998, a Ordenanza municipal do servizo de teleasistencia, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 25, do 1 de febreiro de 1999. Transcorridos máis de vinte e cinco anos desde a súa entrada en vigor, resulta necesario acometer unha revisión integral da regulación existente, co fin de adaptala á realidade social, tecnolóxica e normativa actual.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, recoñece aos municipios competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social, así como de atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social.

No desenvolvemento deste marco competencial, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, configura os servizos sociais como un servizo público esencial orientado a garantir o dereito da cidadanía á protección social, promovendo a igualdade de oportunidades, a autonomía persoal e a inclusión social. Esta norma define os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a asegurar a calidade de vida e a participación social da poboación, con especial atención ás persoas en situación ou risco de vulnerabilidade.

O sistema galego de servizos sociais réxese por principios como a universalidade, a prevención, a responsabilidade pública, a igualdade, a equidade, a proximidade, a eficacia e a eficiencia, incorporando un enfoque integral e personalizado na atención. Neste contexto, a propia Lei 13/2008 inclúe no catálogo de prestacións os servizos de carácter tecnolóxico, entre os que se atopa a teleasistencia social, concibida como un recurso orientado a favorecer a permanencia das persoas no seu contorno habitual e a reforzar a súa autonomía persoal e seguridade.

Así mesmo, o artigo 60 da citada Lei 13/2008 atribúe aos concellos a competencia para a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, debendo garantir, en todo caso, a súa prestación. Neste ámbito, a teleasistencia domiciliaria configúrase como un servizo de carácter preventivo e complementario, dirixido a persoas que, sen necesidade de teren recoñecida unha situación de dependencia, presentan circunstancias de fragilidade, illamento ou risco social que fan recomendable unha atención continuada.

Neste contexto normativo, e tendo en conta a evolución demográfica e social experimentada nos últimos anos —marcada polo envellecemento da poboación, o incremento dos fogares unipersoais, a soidade non desexada e a necesidade de reforzar os mecanismos de atención domiciliaria e prevención de situacións de risco—, a teleasistencia domiciliaria constitúe un instrumento esencial para garantir a seguridade, a autonomía e a permanencia das persoas no seu medio habitual.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Jefe de Sección de Servicios Generales de Bienestar Social (DIEGO FERNANDEZ ALONSO) a las 11:48 del día 13/04/2026. Xefa de Servizo de Servizos Sociais (LORENA ARANZAZU ABAD CARRERA) a las 11:52 del día 13/04/2026. Directora da Área de Benestar (REGLA CARMEN DAVILA CABALLERO) a las 11:52 del día 13/04/2026 y por Concellería responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade, Dª Nereida María Carosa Domínguez (NEREIDA CANOSA DOMINGUEZ) a las 12:48 del día 13/04/2026. Mediante el código de verificación: 6917220G6O6A1D220BK0 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web <https://sede.coruna.gal>



Concello da Coruña

A incorporación das novas tecnoloxías da información e da comunicación permite, ademais, avanzar cara a modelos de atención máis proactivos, personalizados e eficientes, reforzando a capacidade de detección temperá de situacións de risco e a coordinación con outros recursos sociais e sanitarios.

A nova ordenanza pretende, por tanto, adaptar a regulación municipal ao marco normativo vixente, actualizar a configuración do servizo consonte á realidade actual, definir con claridade as condicións de acceso, funcionamento e extinción da prestación, establecer os dereitos e deberes das persoas usuarias e garantir a seguridade xurídica, a calidade e a eficacia na prestación do servizo.

Este trámite de consulta preliminar atopa o seu fundamento legal no artigo 9.2 da Constitución Española, no que se recolle a obriga dos poderes públicos de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida pública.

Por outra banda, o artigo 129.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece a obriga de posibilitar a participación activa dos posibles destinatarios na elaboración das normas. Na mesma liña, o artigo 133 da Lei 39/2015 establece que, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se promoverá unha consulta pública para recadar a opinión da cidadanía.

Por todo o exposto, proponse o seguinte.

PRIMEIRO: Someter a trámite de consulta pública previa previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o texto relativo á Ordenanza municipal reguladora do servizo de teleasistencia do Concello da Coruña como anexo deste informe proposta.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública durante un prazo de 20 días hábiles a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste documento na páxina web municipal www.coruna.gal para que as persoas ou entidades interesadas poidan formular achegas ou suxestións que consideren oportunas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento electrónica

O xefe de sección de Servizos Xerais de Benestar Social
Diego Fernández Alonso

A xefa de servizo de Servizos Sociais
Lorena Abad Carrera

A directora da Área de Benestar Social
Regla Davila Caballero

CONFORME

A concelleira delegada da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade
Nereida Canosa Domínguez



ANEXO. TEXTO QUE SE SOMETERÁ AO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA

CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE O ANTEPROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA.

1. ANTECEDENTES

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Benestar Social, Participación e Igualdade, prevé impulsar unha nova Ordenanza municipal reguladora do servizo de teleasistencia domiciliaria, co obxecto de substituír e actualizar de maneira integral a normativa municipal vixente ata o momento nesta materia.

O Pleno da Corporación municipal aprobou definitivamente, en sesión celebrada o 14 de decembro de 1998, a Ordenanza municipal do servizo de teleasistencia, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 25, do 1 de febreiro de 1999. Transcorridos máis de vinte e cinco anos desde a súa entrada en vigor, resulta necesario acometer unha revisión integral da regulación existente, co fin de adaptala á realidade social, tecnolóxica e normativa actual.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, recoñece aos municipios competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social, así como de atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social.

No desenvolvemento deste marco competencial, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, configura os servizos sociais como un servizo público esencial orientado a garantir o dereito da cidadanía á protección social, promovendo a igualdade de oportunidades, a autonomía persoal e a inclusión social. Esta norma define os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a asegurar a calidade de vida e a participación social da poboación, con especial atención ás persoas en situación ou risco de vulnerabilidade.

O sistema galego de servizos sociais réxese por principios como a universalidade, a prevención, a responsabilidade pública, a igualdade, a equidade, a proximidade, a eficacia e a eficiencia, incorporando un enfoque integral e personalizado na atención. Neste contexto, a propia Lei 13/2008 inclúe no catálogo de prestacións os servizos de carácter tecnolóxico, entre os que se atopa a teleasistencia social, concibida como un recurso orientado a favorecer a permanencia das persoas no seu contorno habitual e a reforzar a súa autonomía persoal e seguridade.

Así mesmo, o artigo 60 da citada Lei 13/2008 atribúe aos concellos a competencia para a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, debendo garantir, en todo caso, a súa prestación. Neste ámbito, a teleasistencia domiciliaria configúrase como un servizo de carácter preventivo e complementario, dirixido a persoas que, sen necesidade de teren recoñecida unha situación de dependencia, presentan circunstancias de fragilidade, illamento ou risco social que fan recomendable unha atención continuada.

Neste contexto normativo, e tendo en conta a evolución demográfica e social experimentada nos últimos anos —marcada polo envellecemento da poboación, o incremento dos fogares unipersoais, a soidade non desexada e a necesidade de reforzar os mecanismos de atención domiciliaria e prevención de situacións de risco—, a teleasistencia domiciliaria constitúe un instrumento esencial para garantir a seguridade, a autonomía e a permanencia das persoas no seu medio habitual.

A incorporación das novas tecnoloxías da información e da comunicación permite, ademais, avanzar cara a modelos de atención máis proactivos, personalizados e eficientes, reforzando a capacidade de detección temperá de situacións de risco e a coordinación con outros recursos sociais e sanitarios. A nova ordenanza pretende, por tanto, adaptar a regulación municipal ao marco normativo vixente, actualizar a configuración do servizo consonte á realidade actual, definir con claridade as condicións de acceso, funcionamento e extinción da prestación, establecer os dereitos e deberes das persoas usuarias e garantir a seguridade xurídica, a calidade e a eficacia na prestación do servizo.



Concello da Coruña

Este trámite de consulta preliminar atopa o seu fundamento legal no artigo 9.2 da Constitución Española, no que se recolle a obriga dos poderes públicos de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida pública. Por outra banda, o artigo 129.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece a obriga de posibilitar a participación activa dos posibles destinatarios na elaboración das normas. Na mesma liña, o artigo 133 da Lei 39/2015 establece que, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se promoverá unha consulta pública para recadar a opinión da cidadanía.

O artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón o seguinte:

Artículo 128. Potestad reglamentaria.

1. El ejercicio de la potestad reglamentaria corresponde al Gobierno de la Nación, a los órganos de Gobierno de las Comunidades Autónomas, de conformidad con lo establecido en sus respectivos Estatutos, y a los órganos de gobierno locales, de acuerdo con lo previsto en la Constitución, los Estatutos de Autonomía y la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.

Por outro lado, esta nova ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia debe de orientarse polos principios de boa regulación; de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. OBXECTIVOS

Como se expuxo nos antecedentes, a redacción e aprobación dunha nova Ordenanza municipal reguladora da teleasistencia do Concello da Coruña ten por finalidade relizar unha nova ordenanza adaptada aos cambios lexislativos, técnicos e sociais que afectan directamente ao deseño e funcionamento deste servizo público esencial. Neste contexto, os obxectivos xerais da nova ordenanza son os seguintes:

- 1. Adecuar a normativa municipal ao novo marco lexislativo autonómico e estatal**, garantindo a coherencia coa normativa vixente.
- 2. Actualizar a regulación municipal do servizo de teleasistencia para adaptala aos cambios sociais, demográficos e tecnolóxicos** producidos desde a aprobación da ordenanza anterior, de xeito que responda ás necesidades reais da cidadanía e ao modelo actual de atención domiciliaria.
- 3. Modernizar a redacción e o enfoque da norma, incorporando unha terminoloxía actualizada**, inclusiva e acorde cos principios de atención centrada na persoa, autonomía persoal e prevención de situacións de risco.
- 4. Definir con maior precisión o contido e alcance do servizo**, así como as súas prestacións e modalidades, co fin de ofrecer unha regulación clara e completa dun recurso esencial de apoio á permanencia no domicilio.
- 5. Regular de maneira detallada os requisitos, procedementos e criterios de acceso, suspensión, modificación e baixa no servizo**, reforzando a transparencia, a obxectividade e a seguridade xurídica na xestión municipal.
- 6. Establecer de forma clara os dereitos e deberes das persoas usuarias**, favorecendo unha relación equilibrada entre a Administración e as persoas beneficiarias, e garantindo un uso adecuado do servizo.
- 7. Reforzar a seguridade xurídica**, a eficiencia administrativa e a calidade na prestación do servizo, dotando ao Concello dun instrumento normativo actualizado que permita unha xestión máis eficaz, garantista e adaptada á realidade social actual.



3. PRINCIPAIS ASPECTOS QUE REGULA

A ordenanza regulará os seguintes aspectos do servizo de teleasistencia:

- A definición do obxecto, ámbito de aplicación, natureza e contido do servizo municipal de teleasistencia.
- A descrición das prestacións incluídas e das distintas modalidades do servizo, adaptadas ás necesidades das persoas usuarias.
- A determinación dos obxectivos do servizo e das persoas destinatarias, así como dos requisitos xerais de acceso.
- A regulación dos dereitos e deberes das persoas usuarias, garantindo un marco de uso adecuado e unha atención de calidade.
- A previsión das causas e do procedemento de suspensión temporal e extinción da prestación.
- A ordenación do procedemento de acceso ao servizo, incluíndo solicitude, tramitación e alta.
- A regulación da transmisión de información entre as persoas usuarias, os servizos municipais e a entidade prestadora, asegurando a coordinación e a protección das persoas atendidas.
- O establecemento de protocolos de actuación ante situacións de risco ou emerxencia.
- A definición das obrigas de seguimento, control e avaliación do servizo para garantir a súa correcta prestación.

4. POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS

O Concello da Coruña podería dar resposta ás necesidades descritas optando por algunha das seguintes alternativas:

1ª) Manter a vixencia da actual normativa municipal en materia de teleasistencia. Esta alternativa non permitiría a actualización integral conforme ao novo marco regulatorio derivado das sucesivas modificacións normativas expostas no inicio deste anexo.

2ª) Abordar a aprobación dunha nova ordenanza municipal do servizo de teleasistencia que permita a adaptación a normativa en vigor, favorecendo, unha maior seguridade xurídica, accesibilidade e tratamento integral do servizo de teleasistencia e dar así resposta as necesidades e novas situacións das persoas usuarias do servizo.

Por iso, considerase que a aprobación desta nova ordenanza municipal reguladora do servizo de teleasistencia do Concello da Coruña dará cumprimento axeitado ao conxunto da problemática descrita nos antecedentes desta consulta previa.

5. CANLE DE PARTICIPACIÓN

Os cidadáns e cidadás e as entidades que así o consideren oportuno, poderán facer chegar as súas opinións ou suxestións sobre os aspectos formulados no texto desta consulta durante os 20 días hábiles que durará o período de información pública, a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación na web municipal www.coruna.gal. Así, poderán achegar as súas propostas a través do formulario que se habilitará ao efecto na web municipal.